

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PROGRAMA CARNÉ XOVE

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, do seu nomeamento e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia

E doutra parte, Don Santiago Novoa García, con NIF nº 35.554.842-Q, que actúa en nome e representación de ABANCA, a cal ten o seu domicilio na Cl. Cantón Claudino Pita, nº 2, e que se atopa inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, e no censo de Entidades Xurídicas do Ministerio de Economía y Hacienda co C.I.F. A-70.302.039

Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

I. Que o artigo 48 da Constitución Española encomenda aos poderes públicos a promoción das condicións idóneas para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento económico, social e cultural.

II. Que a dita competencia atópase organicamente adscrita á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en virtude do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social correspóndenlle, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil; o fomento da participación da mocidade na vida social; a coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da consellería como as dependentes doutras entidades e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade; así mesmo, correspóndelle o fomento da mobilidade xuvenil, dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.

II. Que a política xuvenil que leva a cabo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado trata de abarcar todos os ámbitos, co obxecto de garantir o desenvolvemento integral dos mozos e mozas galegos, potenciando as actitudes sociais da mocidade como un complemento necesario que vaia máis alá dos programas educativos propiamente ditos e que abarque actividades nas que se utilice o tempo de lecer e ocio dunha forma axeitada.

IV. Que o programa European Youth Card (Carné Xove Europeo), da European Youth Card Association (EYCA, Asociación do Carné Xove Europeo) marca común internacional baixo a que se emite o carné nos países membros, constitúe unha iniciativa a nivel europeo nacida do Protocolo de Lisboa de 1 de xuño de 1987, coa finalidade de facilitar a mobilidade e intercomunicación dos/as mozos/as de 12 a 26 anos.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación das políticas de fomento de prestación de servizos á xuventude galega e adheríndose ás directrices europeas en materia de protección, promoción e integración da xente nova, desenvolve en Galicia o citado programa, baixo a marca **Carné Xove** e estende os seus beneficios tamén aos/as mozos/as de 26 a 30 anos.

V. Que ABANCA ven realizando labores de colaboración en actividades que faciliten o pleno desenvolvemento e a formación integral da xuventude en todas as ordes da vida, constituíndo este un dos colectivos de atención preferente dentro do conxunto de programas de acción social e cultural que desenvolve. Neste senso, ABANCA é a entidade que, desde o ano 1999, ven comercializando para toda a Comunidade Autónoma de Galicia as tarxetas Xove e Máis (actualmente só a Xove), colaborando desde entón coa Xunta de Galicia no devandito proxecto.

VI. Que é vontade da Xunta de Galicia e de ABANCA continuar colaborando xuntos co fin de facilitar á xuventude galega a súa mobilidade, así como o acceso a bens e servizos culturais e sociais en condicións máis favorables, tanto en España como no resto de países signatarios do Protocolo de Lisboa, e integrados na EYCA, European Youth Card Association (Asociación do Carné Xove Europeo), en adiante EYCA.

VII. En consecuencia, ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración, que pretende a promoción e difusión do Carné Xove da Xunta de Galicia, (European Youth Card, en adiante Carné Xove), conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Programa do Carné xove

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, promove o Programa Carné Xove entre os mozos/as de 12 a 30 anos, conforme ás estipulacións do “Protocolo de Lisboa” do 1 de xuño de 1987 e as súas posteriores modificacións, e de acordo coas directrices da EYCA.

O carné xove é una tarxeta persoal e intransferible que pon a disposición dos seus titulares descontos e vantaxes, tanto en Galicia como no resto das comunidades autónomas españolas e nos 40 países europeos adheridos ao programa Carné Xove Europeo (European Youth Card).

A finalidade do carné xove é facilitar á xente nova de 12 a 30 anos (ambos incluídos), mediante a colaboración dos establecementos adheridos ao programa, o acceso a diferentes bens e servizos mediante descontos e outras vantaxes. Estes bens e servizos abranguen todos os ámbitos: cultural, aloxamento, transportes, comercial, ensino, etc.

O carné está homologado cos que emiten o resto das comunidades autónomas e países de Europa que están adheridos a este programa, polo que o seu titular pode empregalo en calquera deles nas mesmas condicións que en Galicia, agás as excepcións propias de cada comunidade ou país.

Segunda. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras da colaboración entre a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, e a entidade financeira ABANCA, para o apoio ás accións de promoción, difusión e desenvolvemento do programa “CARNÉ XOVE” que se leven a cabo en Galicia a partir do 1 de xaneiro de 2016 e ata o remate da vixencia deste convenio.

Terceira. Medios físicos e persoais

Tanto a Consellería de Política Social como ABANCA, achegan os medios físicos e persoais necesarios para a axeitada execución do programa Carné Xove, incluíndo o oportuno asesoramento técnico e a súa capacidade de xestión.

Cuarta. Comisión mixta de seguimento e control

Crearase unha comisión para o seguimento e control deste convenio, formada por catro membros, dúas persoas de cada parte, libremente designadas por cada unha, actuando como presidenta a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ou persoa en quen delegue e como secretario/a o/a outra persoa representante da Consellería de Política Social.

Entenderase constituída cando comparezan, presentes ou representados/as, os/as catro membros. Cada membro dunha parte só poderá delegar no seu/súa compañeiro/a de comisión e non nun/ha membro da outra parte.

As funcións da Comisión Mixta serán as de interpretar o convenio, propoñer a regulación conforme de cuestións non previstas e seguir a súa execución.

As reunións terán lugar cando os/as membros da Comisión Mixta o decidan. Para iso bastará coa petición dunha soa persoa dos/das seus/súas membros. As persoas membros da Comisión Mixta deberán estar nomeadas nun prazo de trinta días naturais que contará desde o día da sinatura do presente convenio e terán unha duración indefinida mentres cada parte non decida revogalos. Das reunións redactarase acta pola persoa que actúe como secretario/a, que asinarán os/as catro membros.

Os acordos da Comisión Mixta de Seguimento adoptaranse por unanimidade.

Quinta. Confección e deseño

ABANCA producirá o CARNÉ XOVE baixo a forma de tarxetas de plástico, respectando as normas establecidas pola EYCA. Na dita tarxeta, ABANCA poderá incorporar o seu logotipo e deberá figurar o da Xunta de Galicia. Con anterioridade á súa distribución, o deseño deberá ser sometido á aprobación da Comisión de Seguimento.

Todos os custos de deseño e adquisición dos plásticos e dos chips que soportan as tarxetas, a emisión das tarxetas e carnés, estampación, gravación, captura de datos e mantemento de base de datos serán soportados integramente por ABANCA e consideraranse como unha achega adicional á establecida na cláusula NOVENA do presente convenio.

Sexta. Actividade de promoción e difusión

ABANCA, logo da aprobación expresa da Comisión de Control e Seguimento, poderá utilizar o logotipo e imaxe do Carné Xove para a súa promoción. ABANCA queda autorizada así mesmo para facer mención en todo momento da súa colaboración co Carné Xove da Xunta de Galicia.

A Consellería de Política Social incluírá a imaxe corporativa de ABANCA e fará referencia expresa á colaboración desta entidade en toda difusión de material ou publicidade do Carné Xove que realice.

Sétima. Tipos e modalidades

Ao abeiro deste convenio, existen dous tipos de Carné Xove:

- Carné Xove non financeiro (a partir de 12 anos): sen servizos financeiros asociados.
- Carné Xove financeiro - Visa Electrón (a partir de 14 anos): con incorporación das prestacións propias dunha tarxeta financeira.

Logo da avaliación do risco financeiro, ABANCA poderá emitir o Carné Xove con servizos financeiros asociados, se así é solicitado polos/as usuarios/as, esixindo das persoas titulares a domiciliación dos cargos derivados do seu uso nun depósito de ABANCA, sen que poidan designarse para os efectos da domiciliacións depósitos abertos noutras entidades de crédito. O carné financeiro emitirase como tarxeta de débito, sen prexuízo de que as partes poidan decidir, conxuntamente, a súa emisión noutras modalidades.

ABANCA deberá informar expresamente aos/ás solicitantes do CARNÉ XOVE que a súa expedición non comporta necesariamente a incorporación do servizo financeiro, sendo este, en todo caso, un servizo engadido que a entidade ofrece con carácter gratuíto aos/ás titulares do CARNÉ XOVE e que o/a interesado/a, se o considerase conforme aos seus intereses, poderá solicitar e incorporar ao CARNÉ XOVE que no seu favor se lle expida.

A Consellería de Política Social non terá ningunha responsabilidade polo uso que de tal servizo financeiro efectúen as persoas titulares da tarxeta CARNÉ XOVE.

Oitava. Marca universal

O Carné Xove financeiro será emitido por ABANCA, vinculado a unha marca universal de primeira orde, de entre aquelas que ABANCA estea lexitimamente autorizada a emitir. O anexo I deste convenio contén a relación de marcas universais que as partes recoñecen como de primeira orde e que na actualidade ABANCA pode emitir.

As partes acordan que o Carné Xove financeiro se emita inicialmente vinculado á marca de sistemas de pagamento de ámbito internacional VISA (para os efectos deste Convenio, "a MARCA UNIVERSAL"). ABANCA poderá substituír a MARCA UNIVERSAL por calquera outra das que se indican no anexo I.

Porén, o cambio por parte de ABANCA da MARCA UNIVERSAL, comunicarase á Comisión Mixta de Control e Seguimento. En ningún caso o cambio de MARCA UNIVERSAL, poderá comportar para a Xunta de Galicia ningún custo ou un detrimento das condicións económicas pactadas entre as Partes neste convenio.

Novena. Achega económica de ABANCA

ABANCA achegará, como colaboración ao programa:

1) Por cada ano de duración do convenio, a cantidade máxima de 90.000 €, (IVE engadido) que se destinará a actividades de promoción do carné xove que se desenvolvan a partir do 1 de xaneiro de 2016 e ata o remate da vixencia deste convenio. As actividades englobaranse nos seguintes conceptos:

- Promoción, publicidade e Difusión do European Youth Card
- Captación e renovación de acordos con entidades colaboradoras
- Actividades para a xuventude encamiñadas á promoción do Carné Xove e captación de novos/as titulares

ABANCA destinará a cantidade indicada no primeiro parágrafo desta cláusula a efectuar o pagamento das facturas que lle sexan presentadas, sempre que o dito pagamento se corresponda con algún dos conceptos anteriores.

2) ABANCA subscribirá en calidade de tomadora, un seguro de asistencia en viaxe, para os posuidores do carné, coa entidade aseguradora que estime pertinente, que cubrirá á totalidade dos/as usuarios/as tanto na súa modalidade financeira como non financeira. O seguro deberá incorporar, como mínimo, as garantías seguintes:

- a. Cobertura nacional e internacional
- b. Delimitación temporal da cobertura durante 90 días desde a saída do seu domicilio habitual
- c. Transporte ou repatriación sanitaria no caso de enfermidade ou accidente
- d. Asistencia médica por enfermidade ou accidente do/a usuario/a desprazado/a
- e. Desprazamento e aloxamento do/a acompañante do/a usuario/a
- f. Transporte ou repatriación do/a usuario/a falecido/a
- g. Localización de equipaxes e efectos persoais

O importe do custo anual deste seguro será soportado integramente por ABANCA e considerarase como unha achega adicional á comprometida no punto anterior. Por este concepto estímase corenta e dous mil (42.000) euros anuais.

O presente convenio autoriza expresamente a ABANCA a subscribir, en calidade de tomadora, o seguro de asistencia en viaxe coa entidade aseguradora que en cada momento considere conveniente, detraendo da cantidade global comprometida no presente convenio o importe do custo total anual do referido seguro.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, comprométese a facilitar a ABANCA a requirimento desta, a información relativa exclusivamente á cantidade de posuidores/as de carné xove existentes para os efectos de que

ABANCA leve a cabo, na súa condición de tomadora, a xestión, desenvolvemento, mantemento e control do seguro de asistencia en viaxe mencionado.

Décima. Emisión e entrega

ABANCA proporcionará o soporte físico, tanto do carné xove financeiro como do non financeiro.

O carné xove non financeiro será emitido e entregado polo centro expendedor da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no que o/a solicitante presente o formulario de solicitude e unha vez efectuado o pagamento do prezo privado correspondente.

O carné xove financeiro será emitido exclusivamente por ABANCA e a súa entrega física realizarase na oficina da entidade á que a persoa titular se dirixira para solicitalo, onde, simultaneamente, se lle entregará o número de identificación persoal (PIN ou “personal identification number”) que lle sexa asignado para os efectos de poder operar co carné financeiro en caixeiros automáticos e outros servizos electrónicos que ABANCA pon á disposición dos/as seus/súas clientes. Será competencia exclusiva de ABANCA a través da aplicación dos seus parámetros, políticas e criterios internos que en cada momento resulten de aplicación, a concesión ou denegación do carné xove financeiro aos/ás solicitantes. A competencia exclusiva de ABANCA comprende tanto a decisión de conceder ou non o carné xove financeiro, como a determinación da modalidade de carné financeiro que, de ser o caso, se conceda ao/á solicitante.

Décimo primeira. Prezo e vixencia

O prezo pola expedición do Carné Xove será o que se determine na Orde pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

O Carné Xove ten unha vixencia de dous anos a partir da súa expedición, en calquera dos seus tipos e modalidades; non obstante, a súa vixencia remata, en todo caso, ao cumprir os 31 anos. A renovación do carné, unha vez rematada a súa vixencia, deberá facerse cubrindo de novo o formulario de solicitude e efectuando novamente o pagamento do prezo privado sinalado.

O importe que se ingrese para a expedición do CARNÉ XOVE farase efectivo na conta do Tesouro Público da Xunta de Galicia que no seu momento se indique e poderá pagarse nas oficinas de ABANCA ou en calquera outra oficina das entidades financeiras colaboradoras coa Xunta de Galicia. No caso da renovación do carné xove financeiro, o pagamento do prezo poderá efectuarse adebedándose o importe na conta de ABANCA asociada ao carné, cumprindo en todo o momento os requisitos esixidos pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. No caso dos carnés non financeiros, non será exixible ser titular dun depósito na dita entidade.

Décimo segunda. *Protección de datos*

Os datos recadados dos/as solicitantes de Carné Xove, nas súas dúas modalidades, incorporaranse a un ficheiro da titularidade da Consellería de Política Social. ABANCA comprométese a cumprir axeitadamente e en todo momento as disposicións contidas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (“LOPD”), así como no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, que a desenvolve e cantas outras normas legais ou regulamentarias que incidan neste ámbito.

Así mesmo, a prestación por ABANCA dos servizos asumidos no desenvolvemento do programa fai necesario o acceso de ABANCA a datos de carácter persoal de cuxo tratamento a Consellería de Política Social é responsable conforme ao disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

En consecuencia, ABANCA, na súa condición de encargada do tratamento de tales datos, e de conformidade co establecido no artigo 12º da Lei orgánica citada, axustarase ao réxime que se establece a continuación: a) tratará os ditos datos de carácter persoal exclusivamente por conta da Consellería de Política Social e conforme ás instrucións desta e ao estipulado neste Convenio; b) non aplicará nin utilizará os referidos datos de carácter persoal con finalidade distinta da prestación dos servizos mencionados, nin tampouco os comunicará a terceiros, nin sequera para a súa conservación, salvo nos supostos autorizados ou previstos pola lexislación vixente; c) implementará as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados, habida conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos obxecto de tratamento e os riscos a que estean expostos, xa proveñan estes da acción humana, do medio físico ou natural. Como mínimo, ABANCA adoptará respecto de tales datos as medidas de seguridade que resulten esixibles de conformidade co establecido no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; d) unha vez cumprida a prestación dos servizos mencionados, ABANCA destruírá ou devolverá á Consellería de Política Social os datos tratados, así como tamén calquera soportes ou documentos nos que consten datos obxecto do tratamento, sen prexuízo da conservación por ABANCA de tales datos, debidamente bloqueados e nos termos previstos no Real Decreto 1720/2007, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa Consellería.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Décimo terceira. *Entrada en vigor e período de vixencia*

Este convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha vixencia de dous anos. Poderá ser prorrogado por acordo expreso das partes.

O convenio quedará extinguido, antes do remate do período de vixencia, por denuncia expresa das partes no caso de incumprimento dos compromisos asumidos neste convenio ou no momento en que o obxecto do convenio quede sen contido pola extinción do Programa Carné Xove European Youth Card.

Décimo cuarta. *Compromisos*

Para os efectos do presente convenio, os compromisos que adquire ABANCA son os seguintes:

- Facerse cargo da realización do deseño do Carné Xove e proporcionar aos centros expendedores o soporte físico do Carné Xove non financeiro, sen ningún custo para a Xunta de Galicia.
- Someter ao coñecemento Consellería de Política Social da Xunta de Galicia cantos elementos publicitarios e de calquera tipo vaian ser empregados na difusión e execución do programa.
- Facerse cargo da difusión xeral do Programa Carné Xove con cargo ás achegas económicas estipuladas na cláusula NOVENA
- Encargarse da emisión e entrega do carné, en exclusiva na súa modalidade financeira
- Colaborar, ademais, nas liñas de potenciación do Carné Xove, utilizando os medios habituais nas súas comunicacións comerciais.
- Incorporar un seguro de asistencia en viaxes para os/as titulares do Carné Xove financeiro e non financeiro.

Para os efectos do presente convenio, a Xunta de Galicia adquire os compromisos seguintes:

- Difundir a colaboración de ABANCA no programa Carné Xove.
- Someter ao coñecemento de ABANCA cantos elementos publicitarios e de calquera tipo vaian ser empregados na difusión e execución do programa.
- Facilitar a ABANCA o modelo de acordo de colaboración que deben subscribir os comercios adheridos ao programa e garantir as condicións e vantaxes que lle concedese ao comercio por ser titular do Carné Xove, sen discriminar polo medio de pagamento empregado.
- Informar a ABANCA de calquera acto de desenvolvemento do programa co detalle necesario para o seu coñecemento.
- Cumprir coas normas que establecen o funcionamento e servizos que debe ter e prestar o Carné Xove. Tales normas serán:
 - o Regulación do prezo privado do Carné Xove.
 - o As obrigas emanadas da EYCA.
 - o Aquela normativa que a administración da Xunta de Galicia determine para o desenvolvemento e funcionamento do programa.
 - o Comunicar a ABANCA calquera modificación da normativa aplicable en materia do Carné Xove.

Décimo quinta. *Exclusividade*

Durante o período de vixencia do presente convenio, a Xunta de Galicia comprométese e obrígase a non autorizar nin conceder a ningún terceiro diferente de ABANCA o dereito de uso dos Signos Distintivos do Carné Xove para a súa incorporación a carnés financeiros de pagamento calquera que fora a súa tipoloxía, marca ou sistema. Así mesmo, a Xunta de Galicia obrígase a non asociar signos identificativos do Carné Xove diferentes dos comprendidos no anexo III deste convenio, para a súa incorporación a carnés, calquera que fora a súa tipoloxía, marca ou sistema, emitidos por calquera terceiro diferente de ABANCA.

Décimo sexta. *Cesión de dereitos*

Os dereitos e obrigas asumidos por cada unha das partes en virtude do presente convenio non son transmisibles nin poderán constituír obxecto de cesión a terceiros sen o consentimento previo, expreso e por escrito da outra parte. Porén, non se entenderá que se produciu cesión de dereitos se a posición contractual que ten ABANCA no presente convenio é asumida por unha terceira entidade en virtude dunha operación de fusión, escisión, cesión global de activos e pasivos ou calquera operación de reestruturación de análoga natureza.

Décimo sétima. *Información, rexistro e consentimento para publicación de datos*

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social informará na súa páxina web oficial da subscrición do presente convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

O convenio será rexistrado de acordo co prescrito no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio autorizan, así mesmo, que os seus datos persoais e as demais especificacións contidas neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Este convenio axústase ao disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Décimo oitava. *Nulidade e ineficacia dos pactos*

Se calquera pacto deste convenio fose declarado, total ou parcialmente, nulo ou ineficaz, tal nulidade ou ineficacia afectará só a esta disposición ou á parte da mesma que resultase nula ou

ineficaz, subsistindo o convenio en todo o restante e terase tal disposición, ou a parte dela que resultase afectada, por non posta.

O anterior non será de aplicación con respecto a aquelas disposicións cuxa supresión determine unha minoración significativa no equilibrio das prestacións recíprocas das partes.

Décimo novena. *Boa fe*

As partes comprométense a cumpriren o presente convenio e a exercitaren os dereitos e a cumpriren as obrigas que se desprenden del en todo o momento, de conformidade coas máis estritas exixencias de boa fe. En particular, esta exixencia estenderase á negociación dos documentos e especificacións que as partes difiran a unha data posterior.

O anterior non será de aplicación respecto daquelas disposicións cuxa supresión determine una diminución significativa no equilibrio das prestacións recíprocas das partes.

Vixésima. *Réxime xurídico e resolución de cuestións litixiosas*

O presente convenio terá carácter administrativo e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na normativa xeral en materia de contratación das administracións públicas. A administración autonómica gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio resolveranse, de mutuo acordo, no seo da Comisión Mixta de Control e Seguimento. No caso de persistiren as desavinzas elevarase a resolución do conflito á conselleira de Política Social. Contra a dita resolución, que porá fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na lei reguladora desta xurisdición.

Vixésimo primeira. *Notificacións*

Todas as notificacións, requirimentos, peticións e outras comunicación que teñan que efectuar as partes en relación co presente convenio, farase de forma fidedigna a través das persoas representantes designadas membros da Comisión Mixta de Control e Seguimento ou por calquera outro medio fidedignamente admitido en dereito, aos sinais e indicativos que de seguido se indican:

Na persoa de Jorge Julio Blanco Ledo na súa calidade de Director de Medios de Pago de ABANCA Corporación Bancaria S.A.

Enderezo: Cl. Cantón Claudino Pita, nº 2, 15300 Betanzos- A Coruña

E-mail: jblanco@abanca.com

Representante designada da Xunta de Galicia, Consellería de Política Social:

Na persoa de Cecilia Vázquez Suárez na súa calidade de Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado .

Enderezo: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Consellería de Política Social. Edificio administrativo San Lázaro, 3º andar. Santiago de Compostela

E-mail: cecilia.vazquez.suarez@xunta.es

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por cuadriplicado exemplar no lugar e datas indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Política Social

Por ABANCA Corporación Bancaria,

José Manuel Rey Varela
Conselleiro de Política Social

Santiago Novoa García
Director de Banca Institucional de Abanca

ANEXO I - Relación de Marcas Universais:

VISA

MASTERCARD

JCB

DINNERS

AMERICAN EXPRESS

ANEXO II - Deseño dos carnés



ANEXO III - Signos Distintivos

